



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G003/000148

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación das bases reguladoras da inscrición no servizo de comedor escolar do CEIP Sada e Contornos para o curso 2023-2024)**

### **ANTECEDENTES**

1. Proposta da Concellería de Educación, de data 06.07.2023 para presentar e aprobar unhas bases que regulen a inscrición e o acceso das persoas solicitantes do servizo de comedor escolar no CEIP Sada e Contornos, para o curso 2023-2024.
2. Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia para a xestión do comedor escolar no CEIP Sada e Contornos, prorrogado para o curso 2023-2024 (2021/A006/000004).
3. Contrato en vigor do servizo de comedor escolar e madrugadores no CEIP Sada e Contornos e no CEIP Pedro Barrié de la Maza (2021/C004/000005).
4. Proposta de bases reguladoras da convocatoria.

Por todo canto antecede, esta Alcaldía

### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** aprobar as bases reguladoras do procedemento de inscrición e acceso ao servizo de comedor escolar do CEIP Sada e Contornos para o curso 2023-2024.

**Segundo.-** admitir as solicitudes de inscrición que se reciban ata a finalización do prazo de inscrición previsto polas bases reguladoras.

**Terceiro.-** publicar as bases reguladoras na páxina web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, co texto que segue:

«BASES REGULADORAS DA INSCRICIÓN AO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO CEIP SADA E CONTORNOS, CURSO 2023-2024

### **1. OBXECTIVOS DO SERVIZO**

#### **1.1 Comedor:**

- A elaboración das comidas de mediodía en cociñas centrais, na modalidade de liña quente.
- A acollida, coidado e vixilancia dos escolares usuarios do comedor durante os tempos que median entre a saída da última clase e a súa entrada no comedor, e o retorno á súa casa ou á súa incorporación á primeira clase vespertina.
- O **número de prazas** para o servizo de **comedor escolar** para o curso 2023-24 é de **70**, divididas en tres quendas (estando a espera de aprobación de 5 máis).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

-A duración do servizo de comedor será de dúas horas diarias. As quendas do servizo serán fixadas pola Dirección do centro.

-Os menús servidos nos comedores escolares serán supervisados por profesionais con formación en Nutrición Humana e Dietética.

-No caso de dietas especiais, deberase engadir xunto coa solicitude un Certificado Médico acreditativo do estado de saúde ou, na súa falta, unha declaración responsable do pai/nai ou titor/titora legal onde se xustifique a necesidade da devandita dieta. A resposta positiva á dieta especial será a discreción da comisión de baremación.

## 1.2 Madrugadores:

- A acollida, coidado, vixilancia e almorzo de escolares pola mañá, antes do inicio das clases, no centro docente indicado.

-A apertura do centro educativo será ás 07:00 horas.

-O **número de prazas** para o servizo de **madrugadores** para o curso 2023-24 é de **70**, divididas en tres quendas (estando a espera de aprobación de 5 máis)

## 2. PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de entrega de toda a documentación comprende desde o 19 de xuño de 2023 ata o 17 de xullo de 2023, ambos incluídos. A documentación entregarase no Rexistro do Concello de Sada.

## 3. BAREMO DE ADMISION

### 3.1 SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR (máximo 20 puntos)

Igual ou inferior ao 25% do IPREM: **20 puntos**

Entre o 25% e 50% do IPREM: **15 puntos**

Entre o 50% e 75% do IPREM: **12 puntos**

Entre o 75% e 100% do IPREM: **9 puntos**

Entre o 100% e 150% do IPREM: **6 puntos**

Superior ao 150 % do IPREM: **3 puntos**

*Documentación non presentada: 0 puntos*



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

*\*Para o cálculo anterior, terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.*

### **3.2 INCOMPATIBILIDADE HORARIA DAS PERSOAS PROXENITORAS (máximo 10 puntos)**

-Ocupación laboral de dúas persoas proxenitoras: **10 puntos**

-Ocupación laboral dunha persoa proxenitora: **5 puntos**

-Por cada membro parental que non está en situación de ocupación pero o estivo máis de 3 meses durante os últimos 12 meses e tamén é demandante de emprego (achegar documento acreditativo no seu caso ): **3 puntos**

-*Documentación non presentada: 0 puntos*

### **3.3 SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR (máximo 10 puntos)**

-Membro parental que, en solitario, atenda ás necesidades cotiás do/da neno/nena: **10 puntos**

-Situación familiar de especial consideración (menor en situación de acollida, situación de violencia de xénero): **10 puntos**

-Condición de familia numerosa: **5 puntos**

-*Documentación non presentada: 0 puntos*

*\*Achegar documento acreditativo en cada caso.*

### **3.4 ASISTENCIAS SEMANAIS AO SERVIZO DE COMEDOR (máximo 5 puntos)**

5 días á semana: 5 puntos

4 días á semana: 4 puntos

3 días á semana: 3 puntos

2 días á semana: 2 puntos

1 día á semana: 1 punto

*\*Nos casos de custodia compartida nos que un dos proxenitores ou proxenitoras non precise o servizo e o outro si, entenderase esta puntuación en termos absolutos dentro dos días ao mes que se precise o servizo.*

## **4. SOLICITUDES:**



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

-Ademais da documentación que se especifica para os criterios, deberase entregar tamén o **MODELO DE SOLICITUDE DE PRAZA DE COMENSAL** debidamente cuberto e asinado e que se presentará por rexistro de entrada no Concello de Sada, de forma presencial ou telemática.

-No caso de intolerancias ou alerxias, á solicitude deberase engadir un Certificado Médico acreditativo das citadas circunstancias.

-En casos de empate, atenderase, en primeiro lugar, á renda familiar, favorecendo a admisión ao servizo desde as rendas máis baixas ás máis elevadas.

-En caso de matrícula fóra do prazo e sempre que existan prazas libres, será o Concello o que, por motivos de organización, determine a data na que poderá comezar no servizo, que xeralmente coincidirá co inicio do mes seguinte á solicitude cursada.

-Para que a matrícula sexa efectiva será condición indispensable entregala inscrición e a documentación acreditativa correspondente.

## 5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Coa solicitude de inscrición ou renovación deberán achegarse os seguintes documentos:

-Certificado Oficial de empresa, debidamente selado e asinado, do horario laboral desempeñado no posto de traballo.

-Documentación acreditativa do estado familiar excepcional (monoparental, numerosa...)

-Documentación da última declaración da Renda ou documento acreditativo de non obrigatoriedade.

-Xustificante da conta bancaria debidamente selado pola entidade.

-No caso de non ter que presentar a declaración do IRPF, xustificante de ingresos da unidade familiar (salario, IMV, prestación por desemprego, etc.)

## 6. PREZO DO SERVIZO

1. Tarifa xeral por alumno : 3,5 €/ día

2. Tarifa para o segundo irmá/n usuario do comedor escolar: 2,63 €/día

3. Tarifa para o terceiro e posteriores irmá/n usuarios do comedor: 1,75 €

4. Tarifa para os alumnos cuxa unidade familiar ten unha renda anual neta per cápita menor a 7.000,00 euros: 1,75 €

a) O concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

b) A renda familiar anual neta per cápita obterase por agregación das rendas de cada un dos membros da unidade familiar, que terán que presentar a declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ou certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non teña presentado a declaración do IRPF, correspondentes ao exercicio fiscal anterior ao ano natural no que dea comezo o curso escolar.

5. Aplicarase a tarifa máis favorable en cada caso.

### TARIFA SERVIZO DE MADRUGADORES

1. Tarifa servizo de madrugadores con almorzo (usuario mensual): 2,35 €
2. Tarifa servizo de madrugadores con almorzo (usuario esporádico): 3,00 €
3. Tarifa servizo de madrugadores sen almorzo (usuario mensual): 1,40 €
4. Tarifa servizo de madrugadores sen almorzo (usuario esporádico): 2,00 €

-Os alumnos pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais municipais, serán **usuarios gratuítos** dos comedores escolares.

***\*Unha vez publicada a listaxe provisional de admitidos abrirase un prazo de reclamación de cinco días naturais. Transcorridos os mesmos e valoradas as alegacións, publicarase a listaxe definitiva de admitidos no servizo de comedor para o curso 2023-24.***

*\*De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámoslles que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Ditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslles que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercizo de Dereitos da Sede Electrónica. Máis información: [https://sede.sada.gal/es/sobrelasede/proteccion\\_datos/](https://sede.sada.gal/es/sobrelasede/proteccion_datos/)*

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández